

CICLO PENSARMOS

CARMEN VELAYOS CASTELO

*Retos e compromisos morais ante o cambio
climático*

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Xoves 26 de setembro de 2019, ás 18:00 horas



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa. A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo . caron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes. Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas.

Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello *dictum* ilustrado, *sapere aude*, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá. Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas.

Durante o ano 2019 cada cuarto xoves de mes o ciclo Pensarmos ofreceranos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

- ◆ 31 outubro: María Xosé Queizán
- ◆ 28 de novembro: Teresa Rodríguez Montañés

PROGRAMA

18:00 horas

Presentación

18:15 horas

Retos e compromisos morais ante o cambio climático

Carmen Velayos Castelo dialoga con **J. José Pernas García**

Carmen Velayos Castelo naceu en Ávila e é profesora titular de Filosofía Moral e Política na Facultade de Filosofía da Universidade de Salamanca. Tamén foi profesora de Ética e de Historia da Ciencia e da Tecnoloxía na Universidade Europea de Madrid (CEES) durante catro anos. Realizou a que pode ser a primeira tese de doutoramento coñecida sobre ética ecolóxica en España, baixo a dirección de José M^a García Gómez-Heras, pioneiro español na fundamentación desta forma de entender a ética. A súa formación é fundamentalmente anglosaxoa (Irlanda, Gales, Estados Unidos), pero bebe tamén de fontes grecolatinas e europeas. Pertence ao Grupo de Ética da súa universidade (dirixido por Teresa López de la Vieja), que foi recoñecido como Grupo de Investigación de Excelencia GR41 da Xunta de Castela e León. Así mesmo, o dito grupo constituíu unha Unidade Asociada do Instituto de Filosofía do CSIC cun proxecto común sobre bioética. Foi membro de varios proxectos de investigación nacional e internacional, e impartiu conferencias sobre ética ecolóxica en diversos países europeos e americanos. É autora de traballos sobre ética en importantes revistas especializadas e en diversos libros, así: *Ética y cambio climático* (2008), *Cambio climático e individualismo*

moderno (Horsori, 2015), *La dimensión moral del ambiente natural: ¿necesitamos una nueva ética?* (1996), *Códigos deontológicos en los negocios* (coautora xunto a Francés y Borrego) (2000), *Rachel Carson: la revolución entrañable* (en prensa). Como editora e coautora saíron á luz: *Ética y ethos profesionales* (2009), *Tomarse en serio la naturaleza* (coedición) (2003), *Bioética. Perspectivas emergentes y nuevos problemas* (2005) (coedición), *Responsabilidad política y medio ambiente* (coedición) (2007), *Feminismo ecológico* (coedición), *Educación en bioética. Donación y trasplante de órganos* (2008) (coedición). Pertence e pertenceu a varios comités éticos e é directora da revista *Azafea* da Facultade de Filosofía de Salamanca.

J. José Pernas García é profesor titular de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña. A súa investigación desenvólvese en materia de dereito ambiental e dereito da contratación pública. Formou parte de diversos proxectos europeos, estatais e autonómicos. Participou como relator en diferentes congresos, xornadas, seminarios e mestrados en varias universidades. Ao longo da súa traxectoria universitaria publicou numerosos estudos en materia ambiental, fundamentalmente de dereito comunitario, instrumentos de protección ambiental, contaminación mariña e liberdades económicas. Ten artigos publicados en revistas e capítulos de libros sobre dereito ambiental, nomeadamente nos temas de dereito comunitario, autorizacións industriais, contaminación mariña e liberdade económica.

ORGANIZA

Sección de Pensamento (CCG)

Consello da Cultura Galega

COORDINA

Carme Adán Villamarín

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

